



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

DECRETO

Asunto: formalización de contratos e alta na Seguridade Social de tres peóns forestais para o programa Aprol Rural 2025

Expediente:2025/E001/000006 programa Aprol Rural 2025

Antecedentes:

Visto que se aprobaron as bases e a convocatoria para a provision, mediante o sistema de concurso- oposición, en réxime de dereito laboral temporal,de tres postos de peón forestal do Concello de Cabana de Bergantiños, ao abeiro da Orde do 5 de marzo de 2025 da Consellería de Emprego,Comercio e Emigración, pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025 (DOG nº 50 do 13/03/2025).

Visto que este Concello presentou o día 11/06/2025 a oferta de Emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia, oficina de Emprego de Carballo, tal e como o reflicte a Orde de subvención no artigo 14.4 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Visto que día 13/06/2025 recibíronse un total de 21 curriculums vitae,como candidatos preseleccionados polo Servizo Público de Emprego de Galicia (Oficina de Carballo), con número de oferta 12/2025/5676 e visto que despois da comunicación telefónica aos aspirantes propostos polo SPEG, tiñan de prazo 2 días para participar no proceso de selección.

Visto o decreto con data do 20/06/2025, que reflexa a aprobación da listaxe definitiva de admitidos e excluídos, así como a data e o lugar de realización da proba práctica, e vista a acta única do tribunal de selección, asinada por todos os membros do tribunal asistentes, o día 26/06/2025, que inclúe a valoración total dos aspirantes e a proposta de nomeamento do postos convocados e a relación de suplentes por orden decrecente.

Visto o decreto con data do 30/06/2025 de nomeamento de 3 peóns forestais e visto que os adxudicatarios presentaron en forma e prazo a documentación necesaria conforme ao establecido na cláusula oitava das bases de selección para a súa posterior formalización do contrato, e en virtude da competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO**:

PRIMEIRO: dar de alta na Seguridade Social e formalizar o contrato de traballo na modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego (código de contrato 405), con unha duración de 9 meses e a xornada completa, con data de inicio do 14/07/2025 e data de fin do 13/04/2026 aos candidatos seleccionados:

Apelidos e nome	DNI
LÓPEZ FILGUEIRAS RICARDO	***7107**
TORRADO LEMA JOSÉ ANTONIO	***1365**
MATO RAMA MARCOS	***9555**



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

SEGUNDO: publicar no taboleiro da sede electrónica do Concello esta resolución, de conformidade co previsto nas bases de selección.

TERCEIRO: trasladar esta resolución na próxima sesión plenaria do Concello.

En Cabana de Bergantiños, documento asinado dixitalmente segundo se indica na banda lateral.

O ALCALDE

José Muíño Domínguez

Dou fe,

A SECRETARIA

María Garrote López